



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Lage Tuñas, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O pasado 25 de setembro o 1º Tenente Alcalde do Concello de Muros presentoulle ao Director Xeral de Deportes un documento municipal de estudos previos para dotar ao núcleo urbano de Louro (Muros) dun recinto polideportivo que cubrirá as necesidades socio-deportivas das entidades e colectivos do municipio.

Os veciños e veciñas de Louro veñen reclamando dende fai anos un recinto que poida albergar a práctica regulamentaria de deportes de equipo no interior.

Os socialistas galegos compartimos coas entidades e colectivos deportivos a necesidade de dotar de espazos para a práctica físico-deportiva aos concellos.

Precísase unha actuación planificada que dea resposta ás demandas sociais de equipamentos e infraestruturas que axuden a divulgar o deporte para todos/as a tódolos niveis, xeneralizando a práctica das actividades deportivas como un hábito saudable de vida.

Precisamos mellorar as canles de axuda ás estruturas asociativas e recabar dos Concellos, como administración máis próxima aos cidadáns, estudos e análises das necesidades deportivas dos núcleos de poboación existentes, para deste xeito actuar eficaz diante das demandas cidadáns.

É o caso dos veciños e veciñas do núcleo de Louro, que levan anos demandando unha actuación da Xunta de Galicia para que se constrúa un recinto polideportivo neste núcleo urbano, que permita compaxinar as actividades dos clubs e asociacións do concello coa práctica individual e colectivo amateur da cidadanía.



Grupo Parlamentario

Entendendo que a cooperación entre administracións é fundamental, considero preciso que a Xunta de Galicia coopere coa proposta do Concello de Muros para dar satisfacción aos veciños e veciñas de Louro na súa demanda desta infraestrutura deportiva.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Despois do exposto con anterioridade, o deputado que asina formula as seguintes preguntas:


1.- Que previsións ten a Dirección Xeral de Deportes de cooperar economicamente co Concello de Muros para dotar ao núcleo de Louro cun pavillón polideportivo?

2.- Que contía vai destinar a Dirección Xeral de Deportes para facer viable a construción da citada infraestrutura deportiva?

Pazo do Parlamento, 19 de outubro de 2006

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:
José Manuel Lage Tuñas na data 19/10/2006
10:01:48

Partido dos
Socialistas
de Galicia